

Campus de Vigo

Facultade  
de Ciencias Xurídicas  
e do Traballo

Grao en Dereito

Campus de Ourense

Facultade de Dereito

**Rama de coñecemento**

Ciencias sociais e xurídicas

**Prazas**

70 na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo  
50 na Facultade de Dereito

**Créditos ECTS anuais**

60

**Créditos ECTS totais**

240

**Descrición**

O obxectivo fundamental deste grao é formar profesionais de perfil xurídico, cun coñecemento global de todas as áreas relacionadas co dereito.

O Grao en Dereito proporciona a estrutura xeral e os conceptos fundamentais das diversas disciplinas xurídicas.

**Áreas**

— Asesoría: asesoramento na redacción e execución de leis, regulamentos...; asesoramento xurídico, laboral, comercial, fiscal e administrativo a persoas e a empresas.  
— Avogacía: exercicio da profesión de avogado/a en todas as súas especialidades (civil, mercantil, laboral, penal, administrativo, fiscal e internacional).  
— Rexistrador/a da propiedade inmobiliaria. O rexistro da propiedade é a institución que ten por obxecto o rexistro da constitución, transmisión, modificación e extinción dos dereitos reais sobre bens inmoebles, así como as resolucións xudiciais relativas á capacidade das persoas e aos contratos de arrendamentos e opción (dereito inmobiliario).  
— Notaría.  
— Consultoría-auditoría: auditoría de calidade, laboral, redacción de documentos xurídicos.

— Procurador/a: a súa función é representar a súa clientela ante os xulgados e tribunais. Serve de conexión xurídico-formal entre os tribunais e a cidadanía incursos en causas xudiciais, abreviando tecnicamente os trámites dos actos de comunicación procesual (requerimentos, notificacións, emprazamentos, citacións).  
O procurador/a examina e realiza o seguimento dos escritos que presenta no xulgado e das notificacións que posteriormente lles envía aos avogados. Tamén realiza o traslado de escritos á parte contraria no preito e informa a clientela sobre o discorrer do proceso.  
— Axente de cambio e bolsa: persoa autorizada para asesorar ou realizar directamente investimentos ou transaccións de valores nos mercados financeiros.

**Saídas profesionais**

— Despachos de avogacía  
— Procuradorías  
— Consultorías  
— Ministerio fiscal

— Xulgados  
— Rexistros  
— Asesorías  
— Empresas privadas

**Mencións**

— Campus de Vigo: dereito privado da empresa, dereito público da empresa

— Campus de Ourense: dereito da Unión Europea, dereito xudicial